

VIEIROS

Xestionado por [Vieiros](#)

PASAMENTO

A literatura galega lembra a Anxo Rei Ballesteros, o autor rebelde

Faleceu en Vigo despois dunha longa enfermidade. Será soterrado este venres á unha do mediodía no Barqueiro. Falamos con diferentes persoas sobre este escritor.

Marcos S. Pérez - 19:30 30/10/2008

[Anxo Rei Ballesteros](#) non foi un autor de best-sellers. Eloxiado pola crítica e polos autores da súa xeración, non acadou esa mesma visibilidade entre os lectores, e a súa morte tivo unha transcendencia pública moi inferior á que a importancia da súa obra merecería. O tempo será o encargado de dicir se estamos despedindo a un dos autores clave da literatura galega das últimas décadas.

O tempo. Para falar de Anxo Rei Ballesteros hai que falar do tempo. É fundamental na súa obra, nas temáticas dos seus escritos. Por exemplo en *Tempo e vinganza* (2003), unha análise sobre a concepción do tempo na modernidade a través do Hamlet de Shakespeare, polo que recibiu o premio Ramón Piñeiro en 2002. Foi fundamental tamén na medida en que a as súas obras marcaron toda unha xeración, a que nos anos setenta estudaba na Universidade de Santiago, a través da foto fixa que con brillantez lle tirou en *Dos Anxos e dos Mortos*.

Finalmente, non hai que esquecer que Ballesteros vivía un tempo persoal, distinto aos ritmos que esixen a publicación acelerada de novas obras: deu para o prelo apenas media ducia de obras. Nunha entrevista concedida ao Diario Cultural da Radio Galega en 2005 denunciaba as "présas para nada" daqueles que vivían esa obsesión pola velocidade, "non se decatan o que está a pasar", dicía. A este respecto, o profesor Xosé M. Salgado di que Rei Ballesteros lle recorda a "eses traballadores perfeccionistas que non se apuran en dar os seus textos para a publicación", de aí a súa produción limitada en cantidade, "pero a historia da literatura non pode xulgar pola cantidade", destaca para concluír que a obra que deixa é "moi valiosa". "Hai moitos autores que fican na incompreensión, no ostracismo, cando pola contra temos que soportar obras difíciles de dixerir, pero que se publican porque teñen iso que se chama 'mercado'".

Para Xosé María Álvarez Cáccamo, a explicación da escasa visibilidade social das súas obras, malia o interese que despertou en críticos e autores, hai que buscala en dous factores: "a non visibilidade era a súa opción persoal: vivir á marxe do sistema literario; despois hai que entender que a súa obra era rupturista".

Dos Anxos e dos Mortos

Damián Villalaín recorda o "golpe xeracional" que supuxo a publicación de *Dos Anxos e dos Mortos* en 1977, un libro no que el e toda a súa xeración se ven reflectidos. "Nese libro estabamos todos nós", di tamén Álvarez Cáccamo, "naqueles anos convulsos nos que tamén espertaba a nosa sexualidade". Unha obra, ademais, que a nivel literario rompeu esquemas na Galiza que saía da ditadura: unha narrativa experimental, máis simbólica, co seu estilo fragmentario, rachando co realismo social imperante. Ao igual que un ano antes fixera coa poesía a brillantez lírica de *Con pólvora e magnolias*. En palabras de Dolores Vilavedra, "a escasa difusión que conseguiu no seu día, entre outras razóns pola mínima visibilidade pública do seu autor, privárona de exercer esa función inaugural". De igual xeito, González Millán fala da súa escrita como "un dos proxectos novelísticos máis complexos e ambiciosos da narrativa galega".

Aquela obra foi publicada orixinalmente na colección Pombal da Editorial Castrelos que dirixía Álvarez Blázquez. Foi precisamente o seu fillo Xosé María Álvarez Cáccamo, amigo de Rei Ballesteros naquel tempo, quen lla levou para que a publicase, despois de ler o manuscrito e quedar fascinado pola historia, tan recoñecíbel, e polo seu estilo. Segundo Álvarez Cáccamo, *Adolfo* (Anxo Adolfo era o seu nome completo, e *Adolfo* era como lle chamaban os amigos nos anos setenta), era un "ser humano excepcional" que deslumbraba a todos os que o coñecían, mesmo aos maiores que el, "pola súa cultura inmensa". "Era un bohemio e un rebelde", conclúe.

Pola súa banda, Damián Villalaín destaca a súa "antiortodoxia" e o seu carácter "en absoluto doutrinal". Hai dúas semanas nun artigo publicado en *El País* Suso de Toro escribíalle a Rei Ballesteros: "e non quixeches triunfar, ti coidas que si, que quixeches. Non che é certo, Anxo, quen quixo triunfar conseguíuno. Ti non o querías de vez. Sempre fuches verdadeiro de máis, esplendidamente real. Non es quen de caer na vida simulada, viviches sen saír de ti. Nunca te puidiches transformar nunha fantasma, nun dobre de ti propio".

Un autor contracorrente

Nos anos oitenta marchou vivir á Pobra do Caramiñal, alimentando a súa fama de autor maldito e afastado do sistema literario. Tan afastado que nin teléfono tiña na súa casa, e cando alguén quería contactar con el tiña que facelo a través duns veciños. Comezou a traballar de vagar e cunha dose moi alta de autoesixencia, e sempre a contracorrente. Compaxinou a narrativa coa creación teatral, e en 1988 viu publicada *Xogos de damas*, que o grupo de teatro Malbarate (formado por Rosa Álvarez, Marisa Soto e Mabel Rivera) estreara o ano anterior. Dirixiu ademais unha versión súa d'*A voz humana* de Jean Cocteau en 1991.

En 1992 publica a súa segunda novela, *Loaira*, que recibiu o Premio Losada Diéguez; nas súas máis de cincocentas páxinas asistimos á evolución vital dos personaxes de *Dos anxos e dos mortos*. A súa terceira e derradeira novela non chegaría até o 2005, de novo da man de Galaxia. *Non sei cando nos veremos* foi, pois, a súa despedida literaria, unha obra de novo arriscada, incómoda por momentos, sobre todo a través do seu protagonista, que dende a cadea narra a súa vida, chegando aos lindes da experiencia humana ao participar na brutal represión exercida pola Triple A na Arxentina da ditadura militar. Unha obra, ademais, na que cobra especial importancia a lingua oral. Na devandita entrevista concedida ao Diario Cultural denunciaba a "domesticación da lingua" e reclamaba a devolución ao galego, a través destas formas orais, "de algo que parece que perde, ao facerse tan escriturado, tan académico".

Na homenaxe que hai dúas semanas moitos dos seus amigos lle brindaron no faladoiro do Café Voltaire, en Vigo, o ensaísta Carlos Fernández leu un texto no que recordou algunhas anécdotas da vida de Rei Ballesteros que axudan a coñecer a súa personalidade brillante e singular. No texto destaca unha frase do propio Anxo Rei Ballesteros que ben pode definir a súa vida: "eu non quero simplemente vivir, eu busco a intensidade".